

CURSO: 2019- 2020

CURSO: 2º de primaria

MATEMÁTICAS adaptación da programación da 3º avaliación

ÍNDICE:

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles
2. Avaliación e cualificación (avaliación, procedementos, instrumentos)
3. Metodoloxías e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade

1. Estándares de aprendizaxe (matemáticas)

B1-2.Utiliza procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas

B1-6.Identifica e resolve problemas da vida cotiá adecuadas ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos para a resolución de problemas

B2-3. Realiza operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos incluído o cálculo mental, facendo referencia implícita ás propiedades das operacións, en situacións de resolucións de problemas

B3-2.Escolle os instrumentos de medida máis pertinentes en cada caso, estimando a medida de magnitudes, de lonxitude,capacidade, masa e tempo

B4-5.Coñece as características de corpos xeométricos e aplícalas para clasificar poliedros, prismas, pirámides e corpos redondos (cono, esfera e cilindro) e os seus elementos básicos

2. Avaliación e cualificación

Avaliación: Procedemento

O procedemento para levar a cabo a avaliación serán actividades escritas e traballos realizados a través do blogue, sempre tendo en conta as probas, traballos individuais e en grupo levados a cabo durante a 1º e 2º avaliación

Instrumentos: Resolución de actividades, traballos e tarefas realizadas a traves da aplicación on line do blogue. Así mesmo teranse en consideración todo o realizado durante a 1º e 2º avaliación

Cualificación final:

. A nota da avaliación final calcularase da seguinte forma:

Nota media da 1º, 2º e 3º avaliación

Os resultados da 3º avaliación sempre sumarán pero un máximo dun 20% sobre as dúas anteriores

O alumnado pode subir a nota media das avaliacións anteriores do seguinte xeito:

.- realización dos traballos , actividades e tarefas

.- calidade das tarefas, actividades e traballos

.- comprensión dos contidos

. Proba extraordinaria de setembro: non procede

. Avaliación de materias pendentes: criterios de avaliación

O alumnado cunha cualificación negativa na 1º e 2º avaliación realizarán as tarefas propostas e outras actividades optativas de reforzo que marcaríanse

.Criterios de cualificación: O alumnado poderá subir a nota das avaliacións anteriores sempre e cando cumpra as seguintes condicións:

.- realización das actividades, traballos e tarefas

.- calidade dos traballos

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo e no seu caso ampliación)

Actividades para dar continuidade ao traballo de Ciencias Sociais: Procedeuse á creación dun blogue na plataforma blogger, cun enlace na web oficial do centro educativo. Neste blogue, súbense actividades, tarefas, propostas que abarcan os contidos e destrezas básicas neste caso de ciencias sociais e lingua galega.

As actividades inclúen: actividades escritas, actividades centradas na creatividade do alumnado, diferentes retos...entre outras

Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)

A metodoloxía empregada co alumnado con conexión inclúe actividades e tarefas de índole diferente centradas nos contidos das unidades didácticas que o alumnado desenvolve na escola

No caso do alumnado sen conectividade as tarefas e actividades comunícanse de forma telefónica individualizada

Materiais e recursos

Continuaremos traballando co libro de texto que se emprega neste curso, para suplir a falla de recursos de impresión dalgunhas familias así como a inclusión de actividades de repaso, retos propostos...no bloguer educativo

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e as familias:

Empregaranse diversas canles de comunicación: correo electrónico, vídeo conferencia, páxina wwbb do centro, teléfono, comentarios no blogue educativo([https://blogue educativo.blogspot.com](https://blogue_educativo.blogspot.com))

Publicidade:

Publicarase na web oficial do centro educativo

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantamariafonsagrada>

así como no blogue educativo creado e empregado para sinalar as tarefas e actividades e a conexión constante e permanente co alumnado

<https://blogeducativoclase23fonsagrada.blogspot.com>